

Contrato de servizos Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0DS	<i>Expediente</i> CON/31/2018 BIS	<i>Data Creación:</i> 21-03-19 08:48

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020.

TIPO DE LICITACIÓN: 466.942,15 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 30 de xullo de 2019, ás 9:05 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Marta Abal Rodríguez.

Vogais: María Moreno Berguer, xefa de servizo de Circulación
 Juan Manuel González Carnero, interventor xeral.
 María Luisa Prego de Oliver López, xefa de servizo de Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Iníciase o acto público de apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas, ao que asisten Dña. Katia Pérez López en representación de IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE SAU e D. José Abella Anido en representación de SCIENCE&INNOVATION LINK OFFICE - RED2RED CONSULTORES SL.


Dada conta, en primeiro termo, da puntuación obtida polas empresas na primeira fase da licitación, procédese seguidamente a levar a cabo a apertura, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	FORMACIÓN
1	IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE SAU	387.561,98	SÍ
2	EVERIS SPAIN SL	382.000,00	SÍ
3	UTE SCIENCE&INNOVATION LINK OFFICE - RED2RED CONSULTORES, SL	280.000,00	SÍ

En consecuencia, e á vista de que das ofertas recibidas e da puntuación acadada na primeira fase do procedemento, a oferta máis vantaxosa resulta ser a presentada pola empresa UTE SCIENCE&INNOVATION LINK OFFICE - RED2RED CONSULTORES SL, incorporándose posteriormente ao expediente informe de valoración que recolla as puntuacións definitivas, a mesa de contratación,

ACORDA:

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, para os efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ao licitador UTE SCIENCE&INNOVATION LINK OFFICE - RED2RED CONSULTORES SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 280.000 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Contrato de servizos
Procedemento aberto
Tramitación ordinaria

<i>Documento</i> CON13I0DS	<i>Expediente</i> CON/31/2018 BIS	<i>Data Creación:</i> 21-03-19 08:48
-------------------------------	--------------------------------------	---

documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA